

**INVITACIÓN GRADUACIÓN 2ºBACHARELATO VENRES 26 MAIO 2024**

De cara a unha boa organización do acto de Graduación de 2ºBacharelato que terá lugar o venres 26 de maio ás 18:00 horas, precisamos que **cada alumno /-a** que pretenda asistir **convide como máximo a dúas persoas**.

Ademais, cómpre ter en conta os seguintes aspectos:

- O acto de Graduación terá lugar no patio exterior cuberto no caso de bo tempo. De ser así, todo o alumnado participante deberá presentarse no centro o venres 26 de maio ás 14:15 para trasladar cadeiras a ese espazo. Será compromiso do alumnado axudar a traelas de volta ao interior do edificio tamén ao remate do acto.
- O acto de Graduación terá lugar no auditorio da igrexa Cristo da Victoria no caso de chuvia. De darse esta situación, o alumnado e as persoas convidadas **terán especial coidado en respectar os puntos de acceso e evacuación para evitar situacións de risco**.
- Todo o alumnado e as súas familias recibirán unha mensaxe por Abalar Móbil con antelación para concretar o lugar onde terá lugar a celebración do acto.
- O Equipo Directivo do IES Alexandre Bóveda resérvase o dereito de admisión e / ou expulsión do acto a aquelas persoas que non cumpran as pautas establecidas.
- A ANPA do centro precisa axuda de nais e pais voluntarios para a preparación do acto o venres 26 a partir das 14:00. Podedes poñervos en contacto no correo anpaalexandreboveda@gmail.com

Grazas pola vosa colaboración,



Beatriz Varandas
Directora do IES Alexandre Bóveda

(cortar por aquí)



Begoña Rodríguez
Vicedirectora do IES Alexandre Bóveda

Coia, 8 maio 2024

D/D^a _____ CON DNI Nº _____ E _____
DOMICILIADO EN _____ AUTORIZO o/a _____
meu/miña fillo/a _____ alumno/-a do grupo 2ºBAC _____ do
IES ALEXANDRE BÓVEDA de Vigo, a convidar ao Acto de Graduación de 2ºBacharelato que terá lugar o venres 26
de maio ás 18:00 as seguintes persoas:

- Convidado /-a nº 1 _____ DNI: _____
- Convidado /-a nº 2 _____ DNI: _____

Entregar en **secretaría**. Data límite: **LUNS 20 MAIO 2024**

Pola presente comprométome a aceptar as normas enriba descritas no referente ao traslado e recollida de cadeiras, a capacidade do recinto, vías de acceso e evacuación referidas e calquera outra pauta que se chegase a indicar polo Equipo Directivo, aceptando o dereito de admisión e / ou expulsión do acto reservado a este de non as cumprir.

Asdo. (nai / pai / titor/-a legal)

Vigo, _____ de _____ de 2024

